

05. Recoñecementos médicos e seguimento

MUFACE e o teu órgano de persoal teñen a potestade de realizar o seguimento da IT en calquera momento mediante **recoñecementos médicos (RM)**.

Quen os solicita?: MUFACE pode solicitalos de oficio ou a instancia do órgano de persoal.

Quen os realiza?: a valoración está encomendada ao Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS).

Citación: as comunicacións e notificacións do INSS efectuaranse exclusivamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Seguridade Social <https://info.seg-social.es/notif>. O INSS avisarache da súa posta a disposición a través de SMS e poderás entrar a ver a túa notificación con hora e data, a través de Cl@ve, certificado dixital ou DNle, dentro do prazo de dez días. Se non entras nese prazo, considerarase que a notificación se realizou. En tal caso, se non acodes o día da cita e non o xustificas, considerarase que hai incomparecencia e o teu órgano de persoal resolverá a túa reincorporación ao traballo.

Resultado: o resultado da valoración é vinculante para a concesión ou denegación da licenza que recoñece o teu órgano de persoal.

Efectos: MUFACE comunicarache o resultado vía correo electrónico con carácter informativo. Non obstante, será o teu organismo quen che notifique a denegación de licenza por enfermidade en caso de alta médica e reincorporación ao posto de traballo.

Non presentarte a un recoñecemento médico sen causa xustificada pode supor a **extinción da licenza por enfermidade**, a situación de IT e do subsidio asociado. Lembrámosche especialmente a **necesidade de ter onúmero de teléfono móbil actualizado en MUFACE**, para evitar incomparecencias ás citacións que che remitan por este motivo.



PARA MÁIS INFORMACIÓN

Consulta en <https://muface.es> ou no teu Servizo Provincial de MUFACE.



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
PARA LA TRANSFORMACIÓN DIGITAL
Y DE LA FUNCIÓN PÚBLICA

muface

muface

Guía informativa sobre INCAPACIDADE TEMPORAL (IT) para mutualistas


01.

Que é a situación de Incapacidade Temporal?

Estás en situación de Incapacidade Temporal (IT) cando unha enfermidade ou accidente che impide temporalmente exercer as túas funcións públicas.

Para estar legalmente en IT debes cumprir simultaneamente estes **tres requisitos**:

1. Padecer unha enfermidade ou lesión.
2. Recibir asistencia sanitaria a través de MUFACE.
3. Ter obtido unha licenza por enfermidade do teu órgano de persoal.



NIPO: 232260047

02. Os partes médicos: a túa principal obriga

Para xustificar a túa ausencia e manter a licenza, é imprescindible a presentación de partes médicos no teu centro de traballo:

1. **Parte inicial:** o médico debe expedilo antes do cuarto día hábil desde o comezo da patoloxía. Debes entregalo á túa unidade de persoal non máis tarde do cuarto día hábil desde o inicio da baixa.
2. **Partes de confirmación:** con carácter xeral, expídense cada 15 días naturais. Debes presentalos na túa unidade de persoal no prazo máximo de tres días hábiles desde a súa expedición.
3. **Parte de alta:** ao finalizar o proceso, o médico expedirá a alta, que deberás presentar antes de que acabe o día hábil seguinte para reincorporarte ao teu posto.



O teu médico pode considerar alongar a expedición dos sucesivos partes médicos ata **30 días** como máximo. Planifica a seguinte consulta con antelación para obter o parte sempre antes de que expire a vixencia do teu parte actual.

Nota importante



Os médicos deben usar o **modelo oficial de parte** de MUFACE, aínda que recibas asistencia sanitaria polo servizo público de saúde da túa Comunidade Autónoma. Poderás atopar o modelo na nosa web:

<https://muface.es/gl/prestaciones/sociales/incapacidad>

03. O subsidio por IT: cando e como solicitalo?

Durante os primeiros 90 días de baixa, o teu organismo segue pagándoches as retribucións habituais, pero **a partir do día 91:**

- MUFACE **aboarache o subsidio** por incapacidade temporal para compensar a minoración das túas retribucións complementarias.
- O teu organismo pagarache só as retribucións básicas e a prestación por fillo a cargo, se procede.



PRAZO

Podes solicitalo a partir do día 91 de baixa e durante os 5 anos posteriores.

ONDE

Preferentemente a través da **Sede Electrónica de MUFACE** (con Cl@ve, certificado ou DNle), pero tamén por correo postal ou nos rexistros oficiais ou entregala no teu órgano de persoal.

Solicitud por **Sede Electrónica:** <https://sede.muface.gob.es/>

Solicitud en **papel:**

<https://muface.es/gl/prestaciones/sociales/incapacidad/subsidio-temporal>



Non te preocupes por ningunha outra documentación máis alá da propia solicitud, o teu **organismo faranos chegar todo o necesario** para que poidamos calcular e aboarche a prestación correspondente cada mes.

04. Duración máxima

A duración máxima é a mesma que no Réxime Xeral da Seguridade Social: **365 días**, prorrogables por outros **180 días** se se prevé a curación nese tempo (**545 días en total**).

Excepcionalmente, os efectos da situación de IT poden demorarse ata os **730 días** naturais mentres se valora unha **posible incapacidade permanente** polo equipo médico que corresponda en cada caso.

Acadado o **día 730** desde que deu comezo a situación, esta extinguese a todos os efectos producíndose a incorporación ao posto de traballo.

A diferenza do RXSS, os médicos deberán expedirche os partes de confirmación durante toda a situación de IT, incluído o período desde o **día 365 ao 730**. Esta obriga faise extensible aos médicos do servizo público de saúde, en caso de ser a asistencia sanitaria que elixiches a través de MUFACE.